

Que é Cultura viva, fai túa Compostela?

Cultura Viva é un programa educativo promovido pola Concellaría de Centros Socioculturais e Participación Cidadá a través do que coñeceremos o pasado e o presente artístico e cultural de Santiago, desde a tradición á actualidade. Percorrendo edificios, prazas, carballeiras, camiños, regatos..., achegarémonos á paisaxe cultural compostelá, descubríndoa e facéndoa nosa.

Duración: 2 h - 2,5 h.

Destinatarios:

Grupos e persoas de todas as idades interesadas en teren unha experiencia formativa e lúdica a través dos espazos naturais e culturais do municipio de Santiago.

Calendario de rutas do mes de setembro a decembro de 2012

Calendario xeral

Mañás: mércores e sábados, de 11 a 13.30 h

Datas:

- Setembro: 15, 19, 22, 29
- Outubro: 3, 6, 13, 17, 20, 27, 31
- Novembro: 3, 10, 14, 17, 24, 28
- Decembro: 1

Tardes: mércores alternos (cada quince días) de 18 h a 20.30 h.

Datas:

- Setembro: 26
- Outubro: 10, 24
- Novembro: 7, 21

Itinerarios

As rutas marcadas cun asterisco (*) desenvolveranse dun xeito máis lúdico ou diferente dentro do programa especificado ou ben engadirán unha actividade especial.

Setembro

Sábado 15/09: Os gremios de Compostela na actualidade I

- Lugar de saída: Centro Sociocultural de Conxo.
- Percorrido: visita ao obradoiro dun artesán, itinerario a pé por un camiño histórico preto do río Sar, para rematar coa visita a outro artesán.

Mércores 19/09 (mañá): Polos balcóns de Compostela

- Lugar de saída: soportais do pazo de Raxoi, praza do Obradoiro.

- Percorrido: visita a Santiago desde a perspectiva que ofrecen os balcóns e terrazas de edificios singulares da cidade.

Sábado 22/09: A cerca da cidade I

- Lugar de saída: paseo central da Alameda (palco da Banda).
- Percorrido: realizaremos o itinerario descubriendo as pegadas dunha parte da muralla da cidade, presente e oculta en Compostela.

Mércores 26/09 (tarde): Espazos de creación contemporánea I

- Lugar de saída: praza de Fuenterrabía (ao lado da parada do autobús da Senra).
- Percorrido: visita a un espazo de creación artística contemporánea explicado polos seus protagonistas.

Sábado 29/09: O castelo da Rocha

- Lugar de saída: praza de Galicia (parada do autobús diante do Banco Santander).
- Percorrido: visita e explicación do castelo da Rocha, rematando no Centro Sociocultural da Rocha coa visita á exposición temporal sobre as artes gráficas.

Outubro

Mércores 03/10 (mañá): O urbanismo “fossilizado” en Santiago

- Lugar de saída: praza de San Fiz.
- Percorrido: a través da visita a un sector da cidade, indagaremos nas pegadas que a Historia deixou “fossilizadas” no urbanismo.

Sábado 06/10: O modernismo en Compostela

- Lugar de saída: Centro Sociocultural O Ensanche.
- Percorrido: itinerario pola arquitectura modernista compostelá.

* Mércores 10/10 (tarde): A cerca da Cidade I

- Lugar de saída: paseo central da Alameda (palco da Banda).
- Percorrido: realizaremos o itinerario descubriendo as pegadas dunha parte da muralla da cidade, presente e oculta en Compostela.

Sábado 13/10: Polos balcóns de Compostela

- Lugar de saída: soportais do pazo de Raxoi, praza do Obradoiro.
- Percorrido: visita á cidade de Santiago desde a perspectiva que ofrecen os balcóns e terrazas de edificios singulares da cidade.

Mércores 17/10 (mañá): Cuestión de xénero

- Lugar de saída: Porta do Camiño (ao lado da fonte).
- Percorrido: itinerario a través da pegada de mulleres relevantes de Santiago e visita a un espazo de acción e traballo educativo contemporáneo desde a perspectiva de xénero.

Sábado 20/10: Os gremios de Compostela na actualidade II

- Lugar de saída: Centro Sociocultural da Trisca.
- Percorrido: visita a diferentes obradoiros de artesáns que desenvolven o seu traballo na cidade.

Mércores 24/10 (tarde): Espazos de arte I

- Lugar de saída: Centro Sociocultural de Vite.
- Percorrido: visita a obradoiros de artistas contemporáneos e a institucións que traballan para a promoción e divulgación da arte na cidade.

Sábado 27/10: Ruta literaria

- Lugar de saída: Praza de Cervantes (ao lado da fonte).
- Percorrido: visita a diferentes lugares citados nos textos desde antigo.

Mércores 31/10 (mañá): A auga en Compostela I

- Lugar de saída: Centro Sociocultural das Cancelas.
- Percorrido: Seguindo o percorrido da auga, mostraranse as pegadas das antigas obras de enxeñería que forman parte da paisaxe dos barrios da cidade.

Novembro

Sábado 03/11: O castelo da Rocha

- Lugar de saída: praza de Galicia (parada do autobús diante do Banco Santander).
- Percorrido: visita e explicación do castelo da Rocha, rematando coa visita ao Centro Sociocultural da Rocha.

Mércores 07/11 (tarde) : A cerca da cidade II

- Lugar de saída: Porta do Camiño (ao lado da fonte).
- Percorrido: seguindo as pegadas da muralla da cidade, coñeceremos algúns dos segredos de Compostela.

Sábado 10/11: O modernismo en Compostela

- Lugar de saída: Centro Sociocultural O Ensanche.
- Percorrido: itinerario pola arquitectura modernista compostelá.

* Mércores 14/11 (mañá) : O urbanismo “fossilizado” en Santiago

- Lugar de saída: praza de San Fiz.
- Percorrido: a través da visita a un sector da cidade, indagaremos nas pegadas que a Historia deixou “fossilizadas” no urbanismo.

Sábado 17/11: O barrio de San Pedro

- Lugar de saída: Centro Sociocultural da Trisca.
- Percorrido: ruta circular por un dos barrios históricos máis importantes de Santiago de Compostela.

* Mércores 21/11 (tarde): Espazos de arte II

- Lugar de saída: Porta do Camiño (ao lado da fonte).
- Percorrido: visita a diferentes espazos de creación ou exposición artística contemporánea da cidade para rematar coa compañía dunha personaxe senlleira de Santiago.

Sábado 24/11: A auga en Compostela I

- Lugar de saída: Centro Sociocultural das Cancelas.
- Percorrido: seguindo o percorrido da auga, mostraranse as pegadas das antigas obras de enxeñería que forman parte da paisaxe dos barrios da cidade.

Mércores 28/11 (mañá): As casas da cidade

- Lugar de saída: praza do Hospitaliño de San Roque.
- Percorrido: a arquitectura mostra pegadas únicas que aínda conservamos desde a Idade Media en Compostela.

Decembro

Sábado 01/12: As orixes de Compostela

- Lugar de saída: praza de San Fiz.
- Percorrido: itinerario polos espazos e lugares onde aconteceron os feitos que deron lugar a Compostela, alén dalgúns vestixios da súa fundación e crecemento ata a cidade que é hoxe en día.

Como participar?

- Poden participar todas as persoas interesadas que reúnan un mínimo de condicións físicas para camiñar ou se sintan capacitadas para desenvolver a actividade.
- Os menores de idade deberán acudir acompañados por unha persoa adulta que se faga responsable deles.
- As prazas son limitadas: máximo 20 persoas por ruta.
- De non acadarse o número mínimo de 10 persoas, a saída anularase logo do aviso ás persoas inscritas.

Prezo dos roteiros

Veciños e veciñas do concello de Santiago de Compostela (mediante acreditación de empadramento):

- **Cada roteiro:** 1,50 €.
- **Bono** de 5 roteiros: 5 €.
- **Gratuito para** desempregados, debidamente acreditados, e menores de 18 anos.

Outros participantes (non empadroados no Concello de Santiago).

- Cada roteiro: 15 €.

Procedemento de Inscripción e Pagamento

- No proceso de inscrición priorizarase aos veciños e veciñas empadroadas no Concello de Santiago de Compostela.
- A preinscrición realizarase presencialmente ou chamando por teléfono aos centros socioculturais sinalados.
- A inscrición non estará formalizada ata o pagamento do roteiro.
- O pagamento formalizarase unha vez que está confirmada a praza por parte do concello.
- A confirmación farase a través de chamada telefónica.
- O pagamento farase nunha conta do concello, mediante a folla específica que se recollerá nos centros socioculturais, e que será entregada como xustificante de pago nun prazo de 72 horas (3 días) antes da realización do roteiro.
- A condición de empradroamento será acreditada polo interesado ou verificarese pola administración, previa autorización do mesmo.
- Non poderá participar que non entregue a documentación do pagamento con anterioridade á execución do roteiro.

Recomendacións

Levar calzado e roupa cómoda

Nalgunhas das rutas programadas será preciso desprazase no autobús urbano. O custo do billete correrá por conta das persoas participantes.

Máis información e inscricións:

CSC de Conxo

Praza Aurelio Aguirre 1. 981528740

CSC O Ensanche

Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo. 981543001

CSC das Fontiñas

Rúa Berlín 13. 981528750

CSC do Castiñeiriño

Rúa da Virxe de Fátima 1. 981542459

CSC de Vite

Rúa Carlos Maside 7. 981542490

Descarga o programa en

www.santiagodecompostela.org

www.santiagosociocultural.org

Logotipos (os mesmos que no cartel):

Organiza: Concello de Santiago de Compostela, Rede de Centros Socioculturais

Apoia: Deputación Provincial da Coruña.